



Da man do popular actor de Vilagarcía de Arousa volve o evento mítico do operador galego, que acumula xa 17 anos de historia.

## Os monólogos R regresan á Coruña con “A penúltima”, de Carlos Blanco

- *Carlos Blanco abre os monólogos R de 2025 co seu espectáculo “A penúltima” no Palexco (Palacio de Exposicións e Congresos da Coruña), este sábado 10 ás 20:30 h.*
- *O actor, que destaca polo seu humor intelixente, volve á carga cun anecdotario popular e único de vivencias sempre vinculadas a Galicia.*
- *R leva dende 2008 apostando polo humor ‘do país’ e a fórmula dos monólogos para achegarse de xeito diferente aos/ás seus/súas clientes/as e á poboación de Galicia en xeral.*

**Mércores, 7 de maio de 2025.-** Como nunca se sabe cando será a vindeira actuación, Carlos Blanco vai por “A penúltima” e, de paso, ponlle nome ao espectáculo que marca o inicio dunha nova edición dos monólogos R.

Porque o tempo pasa e non estamos para perdelo, aproveitemos. O prolífico actor galego chega desta volta con imaxes e historias novas e velhas, pero co denominador común dos risos garantidos. No escenario, Carlos Blanco convocará orquestras, viaxes, idiomas, frases do cine e da tele, e mesmo procesións insólitas do seu imaxinario infinito, ao que xa nos ten moi afeitadas/os. Humor intelixente, anecdotario popular e vivencias sempre vinculadas a Galicia.

O pano dos monólogos R subirase de novo este sábado, 10 de maio, no Palacio de Congresos e Exposicións da Coruña. Regresa unha acción emblemática do operador, o periplo dun espectáculo que, dende hai dezasete anos, conducido por actores e actrices moi populares, fai rir a milleiros de persoas das catro provincias galegas. Queridos e demandados por un público incondicional, os **monólogos R** ofrecerán de novo humor ‘do país’, desta volta con Carlos Blanco, un dos artistas galegos de traxectoria máis destacada no mundo das artes escénicas.

### **Nin kiwis, nin ‘galiZaras’, nin porno en galego**

E que ninguén agarde explicacións (ou si) de como se dobraron ao galego algunhas pelis americanas, de por que os/as vellos/as do rural sempre ofrecen kiwis a quen pasan polas súas casas ou de que é iso dos *Galizaras*, temáticas recorrentes doutros espectáculos do actor.

Semella que “A penúltima” vai por camiños alternativos (aínda que con Carlos Blanco nunca se sabe). O que si se pode asegurar é que setenta minutos co humorista galego resultan sempre escasos, divertidísimos, terapéuticos e imprescindibles. “A penúltima” chega este ano e xa veremos que acontece despois, como diría el.

O obxectivo, coma sempre, relatar, parodiar, reflexionar e cuestionalo todo para facer pasar unha tarde de diversión á audiencia dos **monólogos R**. Nesta nova edición haberá, ademais, algunha **novidade inesperada** que seguramente collerá desprevido o público. E ata aquí pódese ler.



### Humor “do país” de norte a sur

Após recalar na Coruña, Carlos Blanco marchará con “A penúltima” ao auditorio Mar de Vigo da cidade olívica, onde as/os asistentes poderán divertirse tamén coas ocorrencias do actor galego no marco dos **monólogos R**; será o sábado 31 de maio ás 20:30 h.

A capacidade é limitada e para acudir é preciso contar con algún dos convites de **R** para clientes/as ou cos conseguidos nos concursos das redes sociais.

### 51.100 asistentes, 30 localidades e monologistas da terra

Os **monólogos R** organízanse, xa na orixe, pensando especialmente nos/as clientes/as do operador galego cun formato definido (relato dunha única persoa en voz alta) que **R** leva escollendo dende 2008 para manterse preto da súa xente. É unha aposta polo talento do país, polo enxeño e polo humor, unha das maneiras máis rápidas e eficaces de acurtar distancias entre as persoas. E van xa 17 anos que falan de éxitos totais nas convocatorias destes espectáculos onde hai aseguradas risas e máis.

Ata agora, en formato presencial, preto de **51.100 persoas** asistiron aos **monólogos R**, con espectáculos non só nas sete principais cidades galegas (A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela, Vigo e Ferrol), senón tamén noutras moitas localidades da comunidade, como Viveiro, Vilalba, Ordes, Xinzo da Limia, Sarria, O Carballiño, Carballo, Ribadeo, Verín, Lalín, A Estrada, Melide, Noia, Allariz, As Pontes de García Rodríguez, O Barco de Valdeorras, Ponteceso (O Couto), Porriño, Cee, Boiro... Ata unha trintena de concellos visitados.

Todo iso, con talento galego: polos **monólogos R** pasaron actores, humoristas e monologuistas do territorio tan populares como David Amor, Isi, Rober Bodegas, Marcos Pereiro, Federico Pérez (Fede), Javier Veiga, Víctor Grande, David Perdomo, Marita Martínez, Oswaldo Digón, Celso Sanmartín, Lucía Veiga, Marta Doviro, Carlos Blanco (na presente edición e noutras anteriores), Pepo Suevos ou Xosé A. Touriñán.

## monólogos **R**

### **Sobre Carlos Blanco**

*Carlos Blanco (Vilagarcía de Arousa, 1959) é humorista e actor de teatro, cine e televisión. Traballou durante dez anos na Radio Galega e realizou na TVG diversas series prestixiosas como “Mareas Vivas” e “Somos unha potencia”, o primeiro ‘late night show’ feito en Galicia. Na televisión tamén traballou no ámbito estatal en producións como “Fariña”, “Antidisturbios” ou “La unidad”. Para a gran pantalla actuou en películas como “O lapis do carpinteiro”, “A praia dos afogados” ou “Dhogs”, ademais de facelo en curtas como “Nena”.*

*Carlos Blanco leva máis de vinte anos actuando como humorista e foi, de feito, un dos pioneiros e mestres do monólogo cómico en Galicia. Foi finalista do Certame de Monólogos de “El Club de la Comedia” en 2003. Como humorista e actor de teatro, recentemente participou con Xosé A. Touriñán en espectáculos como “Unha noite na Praia” e “Somos Criminais”, sendo esta última a obra con máis entradas vendidas da historia do teatro galego. En 2018 gañou o Premio Rebulir da Cultura Galega na modalidade de Artes Escénicas e foi en varias ocasións candidato aos Premios Mestre Mateo, e nunha delas conseguiu o galardón á Mellor Interpretación Masculina Secundaria polo seu papel en ‘Heroína’ (2005).*

### **comunicación R**

[prensa@mundo-r.net](mailto:prensa@mundo-r.net)

[R.gal](http://R.gal)